

Compostela outlet

III Feira do
comercio
polo miúdo

Recinto feiral de Amio



Entidade promotora Concellaría de Promoción Económica e Comercio do Concello de Santiago de Compostela

Datas de celebración A determinar pola entidade promotora.

As posibles datas de celebración serán as seguintes:

/14 e 15 de marzo de 2009

/21 e 22 de marzo de 2009

/04 e 05 de abril de 2009

Lugar de celebración Recinto feiral de Amio - FEIRA DE SANTIAGO

Amio s/n 15890, Santiago de Compostela

Condicións xerais de participación

1 / As condicións descritas forman parte do contrato a subscribir entre os expositores e a entidade adjudicataria do contrato para a organización do evento.

2 / A presente convocatoria ten carácter de preinscrición, de tal xeito que a eventual cancelación do **Compostela outlet** non poderá motivar reclamación algunha fronte ao Concello de Santiago por parte dos establecementos comerciais preinscritos.

3 / Poden participar no certame **Compostela outlet** todas as persoas físicas ou xurídicas con establecemento comercial de venda polo miúdo aberto no municipio de Santiago de Compostela, agás os correspondentes ao sector de alimentación.

4 / A dispoñibilidade de superficie destinada á venda para a colocación dos postos/stands (en m²) será a resultante do proxecto organizativo, de deseño e acondicionamento do recinto feiral presentado pola entidade que resulte adjudicataria da organización do evento, que deberá respetar en todo caso as seguintes pautas:

/ A superficie de venda subvencionada será como mínimo de 900 m². Inicialmente cada persoa física ou xurídica preinscrita terá dereito a un posto de 6 m² ou de 10 m², segundo elixa. A adjudicación do espazo realizarase por rigorosa orde de entrada da preinscrición no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (rúa do Presidente Salvador Allende 4 baixo). Tamén se poden presentar nos rexistros auxiliares do Centro Sociocultural de Fontiñas (rúa de Berlín, 13) e no Centro Sociocultural do Ensanche (rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16).

/ Só será posible a ampliación do espazo inicial no caso de que, realizado o primeiro reparto, haxa superficie sobrance. Nese caso ofrecerase, respetando a mesma estrita orde de entrada en rexistro, un espazo adicional de 2 m² por quenda. E así sucesivamente ata rematar os m² de superficie subvencionada.

/ Unha vez atribuídos os m² de superficie subvencionada, procederase a distribución polo mesmo sistema do resto de superficie dispoñible, a non subvencionada, da nave do recinto onde se celebra o evento. Neste caso o ofrecemento do espazo, de novo 2 m² por quenda, realizarase de novo por orde de entrada en rexistro. Agora ben, no caso de existir lista de espera, é dicir preinscritos que presentaran a súa solicitude en prazo pero quedaran sen espazo subvencionado, o ofrecemento comezaría no primeiro preinscrito en lista de espera.

5 / Todas as persoas físicas ou xurídicas que decidan participar en **Compostela outlet** terán que xestionar a súa inscrición en firme mediante a sinatura do debido contrato a formalizar coa entidade que resulte adjudicataria da organización do evento.

6 / Queda expresamente prohibido ceder parte ou a totalidade do posto ofertado a cada expositor.

7 / É responsabilidade directa das empresas expositoras o cumprimento estrito de todas as normativas autonómicas e estatais referidas á venda polo miúdo, liquidacións, saldos, etc.. Vixiarase rigorosamente a obrigatoriedade de expoñer debidamente todos os produtos etiquetados á venda. Non cumprir estas obrigas será motivo de exclusión.

8 / Segundo o establecido na LO 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, a persoa interesada queda informada e consente expresamente que os datos de carácter persoal que proporciona serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento automatizado relacionado cos fins exclusivos do obxecto da preinscrición. Así mesmo, a persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos da referida Lei Orgánica.

9 / A situación dos postos e a súa distribución, así como do resto das áreas de exposición, é facultade exclusiva da entidade adjudicataria da organización do evento en prol dos intereses da entidade promotora consonte os seguintes criterios:

/ Agrupación de postos por sectores de actividade

/ Outras consideracións técnicas que se consideren oportunas

10 / A cota de inscrición será a fixada na proposta técnica que resulte da contratación da entidade adjudicataria da organización do evento, que en ningún caso poderá superar os 100 € (Impostos incluídos) para o posto de 6 m² e o de 150 € para o de 10 m². Dentro da cota non se inclúen posibles ampliacións de espazos (fixanse como prezos máximos 20 € por m² en superficie subvencionada e 35 € por m² en superficie non subvencionada), servizos ou mobiliario adicional solicitado polo establecemento expositor, así como a construción ou decoración especial do seu posto. Neste último caso, a entidade organizadora, dacordo cos intereses do Concello e Santiago, reserva para sí o dereito a autorizar ou non o proxecto de construción ou decoración de que se trate.

11 / Non se permitirá a presentación ou distribución de produtos con natureza que poida perturbar ao resto de expositores, ou sexan susceptibles de deteriorar o pavimento, paredes ou calquera outra construción existente. Permitirase ocupar un metro lineal do corredor situado diante de cada un dos stands como posible zona de exposición de produtos.

12 / Non se permitirá a entrada de vehículos na nave de celebración do evento a partires de dúas horas antes do seu inicio.

13 / O peche do prazo de presentación da preinscrición en rexistro será o 23 de febreiro de 2009.

Nome comercial

Razón social

Nome do titular

CIF/NIF

Enderezo

C.P

Teléfono

Correo electrónico

O abaixo asinante opta por un espazo da seguinte dimensión (marcar cun xe):

6 m²

10 m²

Sinatura e selo do establecemento